

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 16 DE NOVEMBRO DE 2022.

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día dezaseis de novembro de 2022, baixo a presidencia da Excm. Sra. Alcadesa, D.^a LARA MÉNDEZ LÓPEZ, e coa asistencia dos Ilmos. e Ilmas. señores e señoras concelleiros e concelleiras: D. ÁLVARO SANTOS RAMOS, D.^a MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, D.^a ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, D.^a TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN e D.^a MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ. Actúa como Secretario o Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez, e asisten á sesión o Vicesecretario accidental, don Justo Díaz Rodríguez, e o Interventor Xeral Municipal, don Manuel Vázquez Fernández, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

ÁREA DE GOBERNO DE GOBERNANZA: ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS

1. CONTRATACIÓN E PATRIMONIO.- Acórdase a segunda prórroga do contrato do servizo de coordinación de seguridade e saúde na “Execución de reparacións e traballos de apoio na reparación de avarías na rede de abastecemento de auga do Concello de Lugo”, exp. ref. 2020-C003-000045, dende o 12 de outubro de 2022 ata o 8 de novembro de 2023.

Acórdase a resolución definitiva do contrato administrativo na contratación do servizo de atención telefónica ao cidadán (010), exp. ref: 2018-12 (tecol: 2019/C003/000007).

Tamén se acorda a incoación de expediente de resolución do contrato por demora no cumprimento de prazos na contrato da obra “Renovación das redes de abastecemento e saneamento en varias rúas do barrio do Grupo la Paz”, exp. ref. 2021-C002-000055.

2. PERSOAL.- Acórdase a modificación dos membros da comisión de valoración do concurso no Excmo. Concello de Lugo para xefes/as de negociado e xefes/as de grupo.

Tamén se acorda a modificación do acordo da Xunta de Goberno Local 18/594 de aprobación das bases xerais que regulan a creación e funcionamento das bolsas de traballo do Excmo. Concello de Lugo e do acordo da Xunta de Goberno Local 15/306, convocatoria específica para a creación de bolsas de traballo (apartado 2.1.B, das bases xerais que regulan a creación e funcionamento das bolsas de traballo nas categorías profesionais) nas categorías profesionais.

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refª: ispac927981234462096027.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 16-11-2022

ÁREA DE GOBERNO DE SOSTIBILIDADE URBANA

3. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase a licenza urbanística para instalación dun novo punto de transferencia de forsu na planta de transferencia existente sita na rúa dos Carros, Polígono do Ceao (exp. 2022/Y001/000156).

Acórdase denegar a licenza urbanística para a agregación e segregación das parcelas, sitas na avenida da Coruña, números 309-313, esquina rúa Ladra, número 2-6 (2022/Y005/000003).

Tamén se acorda a concesión das seguintes licenzas urbanísticas: para instalación de ascensor en edificio de vivendas de planta baixa, entresollado, catro plantas altas e baixocuberta, na rúa Río Lor, número 7 (exp. 2022/Y001/000149); para reforma das zonas comúns dun edificio de vivendas e reforma da vivenda da primeira planta do edificio, sito na rúa Falcón, número 7 (exp. 2022/Y001/000139) e para agregación das parcelas H.3.3 e H.3.4, para a construción de nave industrial de planta baixa sen uso definido na vía B, parcelas H.3.3-H.3.4, do Parque Empresarial as Gándaras (2022/Y001/000209).

4. ARQUITECTURA.- Acórdase aprobar a encomenda de xestión á empresa municipal de vivenda e solo de Lugo (Evislusa), en canto encargo a medio propio personalizado, para a redacción dos informes técnicos necesarios dentro das funcións municipais de vixilancia e tutela do deber xeral de conservación dos inmobles: ordes de execución ou, se é o caso, informes relativos ás declaracións de ruína.

ÁREA DE GOBERNO DE COHESIÓN E DINAMIZACIÓN SOCIAL

5. DEPORTES.- Acórdase a iniciación e adxudicación de subvención previstas nominativamente no orzamento polo procedemento de concesión directa mediante convenio a favor de Fefeme.

Asinado dixitalmente polo Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Goberno de Cohesión Territorial e Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez.